

 (Disposición Vigente)



Convenio colectivo - Resolución de 10 de agosto 2001.

[LEG 2013\97742](#)

GRUPO DE ESPECTÁCULOS Y DEPORTES. Convenio colectivo.

BO. A Coruña 1 septiembre 2001, núm. 201.

Visto o expediente do convenio colectivo do Grupo Espectáculos e Deportes da provincia da Coruña (código convenio 1500715), que tivo entrada nesta Delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o día 07-08-2001, subscrito, en representación da parte económica, polos representantes legais de A Solana, Real Club Náutico, Club de Golf e Club de Tenis, e, da parte social, polas centrais sindicais UGT, CC.OO., CIG, o día 10-07-2001, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores; Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial acorda:

Primeiro. —Ordena-la súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.

Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC).

Terceiro. —Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O GRUPO DE ESPECTÁCULOS E DEPORTES DA PROVINCIA DA CORUÑA

Artigo 1º. Ámbito de aplicación

O presente Convenio será de aplicación para as empresas e sociedades integradas no Grupo de Deportes da Provincia da Coruña e regulamentadas pola vixente regulamentación Laboral de traballo para os locais de Espectáculos e Deportes de 29-04-1950.

Artículo 2º. Vixencia

A vixencia do presente Convenio colectivo será por tempo indefinido en tódolos seus contidos, ata que as partes decidan substituílo por outro negociado, en todo ou en parte, e de acordo co previsto no artigo 3 do mesmo, iniciando a súa vixencia o día 1 de abril de 2001.

Art.. 3.º Denuncia a efectos de negociación

Este convenio poderá ser denunciado por calquera das partes cada ano de vixencia, cun mes de antelación; se non fose denunciado entenderase prorrogado por iguais períodos sucesivamente. En caso de prórroga, actualizaranse tódolos conceptos económicos do mesmo no IPC do ano anterior máis dous (2) puntos.

Artículo 4º. Xornada de traballo

A xornada de traballo será de trinta e nove (39) horas semanais.

Establécese un descanso de trinta (30) minutos, computables como traballo efectivo, cando a xornada de traballo sexa continuada.

Artículo 5º. Cláusula de revisión

No caso de que o IPC publicado polo INE ou organismo que o substitúa superase a 31 de decembro de 2001 un incremento do 2% con respecto ó 31 de decembro de 2000, efectuarase unha revisión salarial sobre tódolos conceptos económicos no exceso de devandita cifra. Tal incremento aboarase con efectos do 1 de abril do mesmo ano, e para levalo a cabo tomarase como referencia os salarios utilizados para realizar os aumentos pactados para 2001. Ditas táboas revisadas tomaranse como base para a negociación do convenio colectivo para o 2002.

Artículo 6º. Licencias

Sen perda de retribución ningunha, a empresa concederá licencias nos casos seguintes:

- Matrimonio do produtor: 15 días.
- Enfermidade grave do cónxuxe, pais, fillos e alumeamento da muller: catro días.
- Morte do cónxuxe, pais, fillos e irmáns: catro días.

Se o produtor tivera que desprazarse fóra de Galicia, ditas licencias ampliaranse a sete días.

- Morte de pais, irmáns políticos de ámbolos dous cónxuxes, ou avós: dous días.
- Morte de tíos, sobriños, netos, curmáns: un día.
- Vodas de fillos ou irmáns: un día se é dentro da provincia e tres se é fóra dela.
- Bautizos e primeiras comunións de fillos e netos: un día.
- Por calquera tipo de intervención cirúrxica dos familiares de primeiro grao ou persoas que convivan na unidade familiar: un día.
- Por traslado de enderezo habitual concédese unha licencia de dous días.

Todos os permisos e licencias deste artigo son extensivos ás parellas de feito, sempre que comuniquen a súa condición á empresa antes de producirse calesquera dos feitos que dan dereito ás mentadas licencias e permisos, a comunicación deberá ser escrita e acreditarse mediante calquera dos seguintes documentos:

- Certificacións de estar inscrito como parella de feito nalgún dos rexistros existentes.
- Copia do Padrón Municipal.
- Declaración ante notario ó efecto.

Artículo 7º. Vacacións

As vacacións regulamentadas para tódolos traballadores/as afectados/as polo presente convenio, serán de 30 días, entendéndose comprendido no importe das vacacións o salario base, a antigüidade, plus de convenio e calquera outro concepto fixo ou periódico.

As empresas, de común acordo cos representantes dos traballadores, ou cos mesmos no caso de que non houbera os citados anteriormente, fixarán a primeiros de xaneiro o cadro de vacacións correspondente ó ano en curso.

No caso de que por calquera motivo non se puidesen gozar as vacacións nas datas establecidas no calendario, gozaranse noutra data previo acordo entre a empresa e o traballador/a afectado/a, sendo a data tope para o seu goce a da denuncia a efectos de negociación deste convenio.

O persoal de traballo de tempada percibiráas proporcionalmente ó tempo traballado e ó remate do mesmo.

Establécese unha bolsa de vacacións de 59.784 pesetas para o ano 2001, e para os traballadores fixos na empresa que gocen as vacacións nos meses de outubro a abril, ámbolos dous inclusive, esta cantidade farase efectiva pola empresa dous días antes do inicio do período de vacacións.

Queda pactado que, para os vindeiros 2 anos, a contía da citada bolsa incrementarase unicamente na mesma porcentaxe que se fixe nos convenios colectivos dos respectivos anos para o resto dos conceptos económicos.

Artículo 8º. Antigüidade

Para todo o persoal que tivese ingresado na empresa con anterioridade ó 1-04-80, a antigüidade será computada por trienios do oito por cento. Para o persoal que ingrese con posterioridade á data anterior, rexerán as seguintes táboas:

- Ós tres anos: 8%.
- Ós cinco anos: 10%.
- Ós oito anos: 12%.
- Ós 10 anos: 15%.
- Ós 13 anos: 20%.
- Ós 15 anos: 25%.
- Ós 18 anos: 30%.
- Ós 20 anos: 40%.
- Ós 23 anos: 50%.
- Ós 25 anos: 60%.

Para iso teranse en conta para estes efectos os límites da lexislación vixente.

Artículo 9º. Pagas extraordinarias

As empresas concederán as seguintes pagas extraordinarias:

No mes de xullo, e no mes de decembro, no mes de marzo e no mes de outubro, sendo todas elas de 30 días de salario base máis antigüidade.

Artículo 10. Baixa por enfermidade

Para os dous primeiros I.T. por enfermidade ou accidente dentro da vixencia do convenio, as empresas incrementarán as prestacións de Seguridade Social ata o cento por cento do salario en activo (salario base, antigüidade, plus de convenio e calquera outro concepto fixo ou periódico).

Para a terceira nos tres primeiros días de ausencia, deixarase de percibir polo traballador o 20 por cento da retribución diaria.

Do cuarto ó décimo quinto día, ámbolos dous inclusive, deixarase de percibir o 10 por cento da citada

retribución.

Cando a situación de I.T. dure máis de 15 días ininterrompidos percibirase a retribución íntegra dende o primeiro día de ausencia. Das situacións de enfermidade aludidas exclúense as ausencias orixinadas por:

— Hospitalización, intervención cirúrxica e descanso por maternidade.

O incremento das prestacións non será repercutible nas pagas extraordinarias, e estas serán aboadas na súa totalidade.

Artículo 11. Retribucións.

—As retribucións para o persoal afectado por este convenio serán as seguintes para o ano 2001, tendo carácter de mínimos a tódolos efectos previstos na lexislación laboral vixente para os traballadores e traballadoras coa xornada prevista no artigo 4.º do presente convenio colectivo, sendo proporcional nos demais casos; a suba inicial sobre tódolos conceptos económicos será do tres por cento, agás na bolsa de vacacións e seguro, que inicialmente serán as cantidades que nos apartados correspondentes se marcan.

| Categorías | Mensual | Anual |
|------------------------------------|----------------|------------------|
| Titulado grao superior | 165.570 | 2.826.684 |
| Titulado grao medio | 132.280 | 2.294.044 |
| Persoal administración: | | |
| Xefe de negociado | 130.440 | 2.264.604 |
| Oficial de 1.^a | 126.113 | 2.193.772 |
| Oficial de 2.^a | 121.313 | 2.118.572 |
| Auxiliares | 116.404 | 2.040.188 |
| Persoal obreiro: | | |
| Encargado de 1.^a | 127.268 | 2.213.852 |
| Encargado de 2.^a | 127.268 | 2.213.852 |
| Oficial de 1.^a | 125.966 | 2.193.020 |
| Oficial de 2.^a | 121.313 | 2.118.572 |
| Oficial de 3.^a | 116.800 | 2.046.364 |
| Encargado de Cabina | 111.864 | 1.967.388 |
| Operarios de limpeza | 111.864 | 1.967.388 |
| Peóns | 111.864 | 1.967.388 |

Para os efectos consignados na táboa anterior, enténdese por categoría de encargado de primeira e segunda, o traballador que teña ó seu mando e ordens un grupo de persoal.

Artículo 12. Plus de Convenio

Establécese un plus de convenio de 9.815 pesetas mensuais, quedando conxelado para os anos vindeiros e os aumentos que resulten da aplicación do convenio de cada ano, dividiranse por doce e incrementaranse ó salario base mensual.

Artículo 13. Seguro

As empresas ou sociedades, ben a nivel individual ou de sector, concertarán ó seu cargo un seguro polo importe de 2.000.000 millóns de pesetas para os casos de morte ou incapacidade total para o traballo, en caso de accidente, e para todos e cada un dos traballadores.

Artículo 14. Comisión Mixta Paritaria

Como órgano de conciliación, intervención, arbitraje e vixilancia do presente convenio, créase unha comisión de 6 vocais, tres por cada unha das partes. A citada comisión virá obrigada a xuntarse unha vez por trimestre, como mínimo, ou cando o soliciten tres vocais.

Artículo 15. Xubilación

a) A xubilación do persoal afectado polo presente convenio colectivo será obrigatoria á idade que regulamentariamente se estableza polo goberno, fixándose actualmente nos 65 anos, coa excepción dos que de mutuo acordo coa empresa se acollan ó R.D.L. 1194/1985, do 17 de xullo, e opten pola modalidade de pensión por xubilación ós 64 anos de idade.

Con independencia do anterior, en todo caso, o persoal que decida xubilarse anticipadamente, garantiránselle as seguintes indemnizacións por xubilación e segundo a seguinte escala de idade:

- Ós 63 anos: 12 mensualidades.
- Ós 62 anos: 13 mensualidades.
- Ós 61 anos: 14 mensualidades.
- Ós 60 anos: 15 mensualidades.

b) Para os centros de traballo Real Club Náutico da Coruña e Club de Golf da Coruña, o apartado a) do presente artigo non producirá efecto, séndolles de aplicación a estes centros o seguinte:

Todos aqueles traballadores que teñan dereito ás prestacións do cento por cento por xubilación, a partir da sinatura do presente convenio, negociarán coa empresa a súa posible xubilación anticipada, aínda cando non teñan a idade regulamentaria de 69 anos prevista polo Estatuto dos Traballadores, de forma que ó ter dereito ás prestacións do cento por cento, sexa cal fose a súa idade, habendo acordo entre as partes, consideraranse extinguidas as relacións laborais.

Establécense os seguintes premios por xubilación anticipada:

- Ós 63 anos: 12 mensualidades.
- Ós 62 anos: 13 mensualidades.
- Ós 61 anos: 14 mensualidades.
- Ós 60 anos: 15 mensualidades.

c) Para facer uso dos dereitos previstos para a xubilación anticipada no artigo 15 do convenio colectivo, os traballadores terán que preavisar á empresa no exercicio económico anterior.

d) As empresas e sociedades que cubran cun novo traballador ou traballadora as vacantes de persoal que se produzan pola aplicación do previsto no artigo 15 do convenio colectivo e superen satisfactoriamente un período de proba de nove meses, pasarán a integrarse como fixos do cadro de persoal, sendo un período de 12 meses para acadar a mesma condición os que suplan ós xubilados a través do R.D.L. 1194/1985, do 17 de xullo, sempre que non estivesen vencellados á empresa nos dous últimos anos, por un contrato de igual ou superior tempo; en tal caso, seguirán aplicándose os nove meses de proba.

Artículo 16. Descanso dominical

No sector de deportes, polas súas específicas características, estarase exento do descanso dominical coas seguintes limitacións.

a) Soamente poderán traballar en domingo aqueles traballadores que ata a data o viñan facendo, e nos postos de traballo que sexa necesario facer traballos en domingos e festivos.

b) Salvo nos casos especificados no apartado seguinte, ningún traballador poderá traballar dous domingos seguidos, é dicir, que como máximo poderase traballar un domingo si e outro non.

c) Para aquelas sociedades que a aplicación do apartado b) sexa imposible, debido ás numerosas funcións que desempeñan en domingos e festivos, a empresa poderá modificar o sistema aquí regulamentado e para o cal terá que chegar a un acordo previo con cada traballador/a afectado/a, co coñecemento e sen a oposición do comité de empresa ou delegados de persoal.

Artículo 17. Cadro de descansos

Tódalas empresas, a raíz da publicación do presente convenio colectivo no BOP, estarán obrigadas a expoñer en lugar público un cadro de descansos de alomenos 8 semanas; a exposición farase con 10 días de antelación á data de entrada en vigor do mesmo e este terá que ser negociado previamente cos traballadores.

Artículo 18. Prendas de traballo

Entregaranse dúas prendas de traballo adecuadas as funcións que cada traballador desempeñe, e no caso de deterioro xustificado as necesarias, a partir da sinatura do presente convenio e cunha periodicidade anual.

Artículo 19. Cláusula de descolgue

Cando unha empresa ou sociedade nas incluídas no ámbito de aplicación deste convenio pretenda a inaplicación do nivel retributivo establecido no mesmo, deberá proceder do seguinte xeito:

1. A empresa ou sociedade interesada na inaplicación deberá remitir á comisión paritaria do convenio a documentación que estime pertinente, xunto co escrito formulado ó seu propósito, no prazo improrrogable de dez días, a partir da súa sinatura se participa na negociación, e no de oito días despois do seu rexistro na oficina pública correspondente se non participa no mesmo.

2. A comisión paritaria disporá do término dun mes para resolver. Dentro deste tempo escoitará á representación dos traballadores da empresa solicitante, ós sindicatos participantes na mesa negociadora, así como ós representantes da empresa solicitante.

3. Será requisito necesario para instar, obter a inaplicación do nivel retributivo do convenio, estar ó día no aboamento do mesmo ata a data de resolución da comisión paritaria.

4. Así mesmo, a empresa debe dar conta da situación de inestabilidade nos exercicios anteriores, e demostrar verdadeiramente que no caso de aplicar o réxime salarial pactado no convenio, tería que proceder ás medidas de extinción e suspensión de contratos; en calquera caso, a empresa debe precisar as circunstancias económicas que xustifiquen a súa solicitude e achegar a documentación económica e financeira necesaria, co fin da súa fiscalización sindical.

5. No caso de estimar fundada a solicitude, a comisión paritaria establecerá o incremento salarial aplicable na empresa ou sociedade afectada, quedando inalterado o establecido neste convenio respecto do réxime salarial e a súa estrutura.

6. En todo caso, o beneficio da inaplicación só se entende ata o remate do primeiro período de vixencia establecido para o nivel retributivo vixente no intre da solicitude. Os incrementos posteriores aplicaranse sobre o salario que correspondese de non se ter aplicado o descolgamento, e non sobre o salario descolgado.

7. A comisión paritaria estenderá copia que dea fe da súa resolución, remitindo exemplares da mesma á representación da empresa, ós traballadores e traballadoras da mesma e ós sindicatos que compareceron no

trámite.

8. A comisión paritaria poderá estar asistida dos asesores que considere necesarios.

Artículo 20. Atrasos

As empresas aboarán os atrasos correspondentes ó presente convenio coa mensuralidade que corresponda, seguinte á sinatura do convenio.

 (Disposición Vigente)



Revisión salarial - Resolución de 8 de agosto 2002.

[LEG 2013\96299](#)

GRUPO DE ESPECTÁCULOS Y DEPORTES. Revisión salarial.

BO. A Coruña 3 septiembre 2002, núm. 202.

Visto o expediente de revisión salarial do convenio colectivo do Grupo de Espectáculos e Deportes da provincia da Coruña (código de convenio número 1500715) que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o día 5-08-2002 suscrito pola Comisión Paritaria de interpretación do convenio o día 17-07-2002, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto 1040/1981, de 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real Decreto 2412/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial acorda:

Primeiro.—Ordena-la súa inscrición no Libro de Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

Segundo.—Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC).

Terceiro.—Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O GRUPO DE ESPECTÁCULOS E DEPORTES DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Reunidos en A Coruña, a 17 de xullo de 2002, en representación da parte empresarial don Gerardo Villarino Gómez e don Juan Amil Míguez, e pola parte social Lois Soto Sabio (CIG), Juan Trigo Espiñeira (UGT) e Sandra López Naveira (CC.OO.) acordan:

Primero.— Segundo o estipulado no artigo 3.º do convenio colectivo, prorrogar o texto deste e actualizar as táboas salariais para o ano 2002, que son as que se axuntan.

Segundo.— Asemade esta Comisión Paritaria entende que os traballadores/as que desenvolven a función de socorristas son equiparables ós oficiais de primeira.

Tercero.— Facultar a Lois Soto Sabio, para os efectos de rexistrar esta acta na Delegación de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para os efectos do seu rexistro e publicación.

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O GRUPO DE ESPECTÁCULOS E DEPORTES DA PROVINCIA DA CORUÑA

Táboa sal. deportes 1-04-02 ao 31-03-03

| Categorías | Mensual/euros | Anual/euros |
|------------------------------------|----------------------|--------------------|
| Titulado Grao Superior | 1.039,40 | 17.712,68 |
| Titulado Grao Medio | 830,91 | 14.376,84 |
| Persoal administración: | | |
| Xefe Negociado | 819,39 | 14.509,32 |
| Oficial 1.^a | 792,28 | 13.758,76 |
| Oficial 2.^a | 762,23 | 13.277,96 |
| Auxiliares | 731,49 | 12.786,12 |
| Persoal obreiro: | | |
| Encargado de 1.^a | 799,53 | 13.874,76 |
| Encargado de 2.^a | 799,53 | 13.874,76 |
| Oficial 1.^a | 791,37 | 13.744,20 |
| Oficial 2.^a | 762,23 | 13.277,96 |
| Oficial 3.^a | 733,97 | 12.825,80 |
| Encargado de Cabina | 703,06 | 12.331,24 |
| Operarios de Limpeza | 703,06 | 12.331,24 |
| Peóns | 703,06 | 12.331,24 |

Plus de convenio mensual: 58,99 euros.

Plus de convenio anual: 707,87 euros.

Bolsa vacacións: 1-04-2002 ao 31-03-2003 = 374,41 euros.